

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo co artigo 70 da Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, a división en zonas sanitarias de cada distrito terá en conta as condicións:

- A) Demográficas.
- B) Epidemiolóxicas.
- C) Xeográficas e de accesibilidade.
- D) Todas as respostas son correctas.

2. A Lei 55/2003, do Estatuto Marco do personal estatutario dos servizos de saúde, no seu artigo 6 e atendendo ao nivel académico do título esixido para o ingreso, clasifica o persoal estatutario sanitario en:

- A) Facultativos especialistas de área e diplomados universitarios de enfermería.
- B) Persoal de formación universitaria e persoal de formación profesional.
- C) Facultativos, diplomados universitarios e auxiliares de enfermería.
- D) Persoal técnico e persoal auxiliar.

3. O posto de Xefe de Servizo de Anxioloxía e Cirurxía Vascular, de conformidade coa normativa de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, será provisto polo sistema de:

- A) Libre designación.
- B) Concurso de méritos.
- C) Comisión rotatoria.
- D) Avaliación colexiada.

4. De conformidade co artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, enténdese por "risco laboral":

- A) As enfermidades ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- B) Calquera peculiaridade da actividade laboral con influencia relevante na saúde do traballador.
- C) Calquera característica dos locais, instalacións e equipos do lugar de traballo.
- D) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.

5. De acordo co artigo 1 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:

- A) Todos os españois.
- B) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros.
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- D) Todos os españois residentes no territorio nacional en situación de alta na seguridade social.

6. Conforme á Lei galega 3/2001 do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica:

- A) Conterá suficiente información para identificar ao paciente e documentar o seu proceso de atención sanitaria.
- B) Debe ser entregada ao paciente tras cada episodio asistencial.
- C) Debe ser única por paciente en todo o Sistema Nacional de Saúde.
- D) É propiedade do paciente.

7. Atendendo á Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal dos seguintes datos NON forma parte do documento de consentimento informado?

- A) Identificación do médico ou médica que a informa.
- B) Identificación do centro.
- C) Identificación do xefe ou xefa do servizo ou unidade.
- D) Lugar e data.

8. Segundo o disposto no artigo 6 do Decreto 206/2005 do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal fixo efectuarase con carácter xeral polo procedemento de:

- A) Libre designación.
- B) Concurso.
- C) Oposición.
- D) Concurso–oposición.

9. Entre as seguintes, indique que situación NON está comprendida no réxime xeral de situacións regulado na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Suspensión de funcións.
- B) Servizos especiais.
- C) Servizo activo.
- D) Excedencia voluntaria incentivada.

10. Segundo a Lei 8/2008, de saúde de Galicia, a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, correspóndelle a:

- A) O consello da Xunta de Galicia.
- B) O presidente da Xunta de Galicia.
- C) A consellería competente en materia de sanidade, sen prexuízo das competencias atribuídas ao consello da Xunta.
- D) O consello galego de saúde.

1. Conforme ao previsto na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o complemento destinado a retribuír a participación do persoal estatutario en programas ou actuacións concretas denomínase:

- A) Complemento de produtividade.
- B) Complemento de destino.
- C) Complemento específico.
- D) Complemento de especial dedicación.

2. Sinale a afirmación **FALSA** segundo o previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en relación co persoal que desempeña unha praza en comisión de servizos:

- A) Está obrigado a participar no seguinte concurso de traslados que se convoque.
- B) Ten dereito á reserva da súa praza de orixe.
- C) O persoal que ocupe a praza en comisión de servizos debe ter a condición de fixo na categoría e especialidade.
- D) A praza cuberta en comisión de servizos ofértase no seguinte proceso de provisión de prazas que sexa convocado.